



REQUIRIMENTO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN EN VARIAS SOLICITUDES PRESENTADAS NO PROCESO SELECTIVO DE ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE MARISQUEO A PÉ DA CONFRARÍA DA ILLA DE AROUSA

O 7 de marzo de 2023 foi publicado o proceso selectivo para a cobertura de vinte (20) prazas de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial do plan de explotación, da confraría de pescadores da Illa de Arousa e abriuse un prazo de 15 días hábiles para presentación de solicitudes.

Segundo o disposto no apartado I.4. das bases da convocatoria, logo de rematar o prazo de presentación de instancias, e de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 2 de outubro de Procedemento administrativo das administracións públicas, se a solicitude non reúne os requisitos formais, requiriráselle ás persoas interesadas, para que no prazo de dez (10) días hábiles a emenden, con indicación de que se así non o fixesen, se lles terán por desistidas das súas peticións, logo dunha resolución expresa.

A notificación, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

De acordo co anteriormente indicado, **REQUIRESE** a seguinte documentación ás persoas indicadas a continuación:

APELIDOS E NOME	NIF	DOCUMENTACIÓN
VIDAL SANTIAGO, MARINA	***4808**	Xustificante bancario de ter feito o ingreso da taxa durante o prazo de presentación de solicitudes
POSE PÉREZ, JOSÉ JESÚS	***8204**	Xustificante do pago da diferenza da taxa: 5,03 €
GONZÁLEZ MEJUTO, JOSÉ MANUEL	***0033**	De ser o caso, documento oficial que acredite estar emancipado antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes





** Ocúltanse parcialmente os díxitos de identificación en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.*

A documentación requirida presentarse, preferiblemente por vía electrónica e opcionalmente en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4. da Lei 39/2015, do 2 de outubro. Presentarase directamente ou a través das entidades asociativas do sector, no prazo de dez (10) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao que se publique esta convocatoria no taboleiro de anuncios das xefaturas comarcais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e dirixiranse á Xefatura Territorial da Consellería do Mar de Vigo, de acordo co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Aquelas persoas ás que lle foi solicitado o pago da taxa, no caso de non remitir a documentación requirida considerase que desisten da súa petición e a súa solicitude será excluída do proceso selectivo logo da correspondente resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A persoa á que lle foi requirido o documento oficial de emancipación, no caso de non remitir a documentación requirida considerase que desiste da súa petición e a súa solicitude será excluída do proceso selectivo logo da correspondente resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A xefa territorial

Sonia Lorenzo Santos

Por delegación de firma (Resolución do 29/12/2021)

A xefa do Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación tecnolóxica

Carmen de Benito Caula

